

RESOLUCIÓN DO REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE 25 DE XUÑO DE 2010 QUE DETERMINA O NÚMERO E DENOMINACIÓN DAS VICERREITORÍAS DA UNIVERSIDADE

En virtude das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, e de conformidade co artigo 95.1 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

RESOLVO:

1. Suprimir a Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao.
2. Suprimir a Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade.
3. Suprimir a Vicerreitoría Adxunta de Estudos de Grao de Posgrao.
4. Modificar a denominación da Vicerreitora de Persoal Docente e Investigador que pasará a designarse como Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador.
5. Modificar a denominación da Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua que pasará a designarse como Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua
6. Crear a Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización.


Así mesmo, dispoño que calquera referencia á Vicerreitoría de Estudos de Grao e Posgrao e á Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador se entenderá feita á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador, e calquera referencia á Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua e á Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade entenderase feita á Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua.

O que se comunica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2011



O Reitor



Juan José Casares Long